



- **Enderezo: rúa Sinagoga, nº. 9**

Nivel de protección: III. Protección estrutural

Actuación proxectada: Obras no xardín.

Obxecto da consulta: Intervención no pozo situado no xardín.

Ditame:

Restauración do pozo o seu estado anterior.

Deberá presentarse: proxecto de reconstrución do pozo cunha memoria histórica.

- **Enderezo: Rúa Fonte Seoane, nº. 5-10**

Nivel de protección: No catalogados. Ámbito respecto BIC conxunto histórico.

Actuación proxectada: Demolición de dous Inmobles.

Obxecto da consulta: Condicións a impoñer.

Ditame:

Autorízase a demolición e cambio de uso. Prohíbese a agrupación parcelaria, pero admítase a unión funcional dos inmobles.

- **Enderezo: Praza Azcárraga, nº. 12**

Nivel de protección: sen protección específica e no contorno da Praza de Azcárraga, (arboredo, pavimento).

Actuación proxectada: Infraestrutura para una nova small cell.

Obxecto da consulta: Contestación ao ditame.

Ditame:

Desfavorable a actuación pretendida da instalación na fachada dunha *small cell* debido a que o inmovle encontrase no contorno da Praza de Azcárraga que ten elementos protexidos (arboredo, pavimento).

- **Enderezo: rúa Maestranza, nº. 3**

Nivel de protección: Sen protección. Afección da obra na contorna.

Actuación proxectada: Instalación de escaleira exterior na fachada posterior do edificio que se xustifica por un incremento de ocupación.

Obxecto da consulta: Alegacións ao ditame.



Concello da Coruña

Ditame:

Non se autoriza a instalación da escaleira polo exterior dado o impacto negativo que produce no entorno dunha *parcela na que se atopa o edificio do Cuartel de Atocha que conta con protección de nivel integral* polo que se ditamina desfavorablemente.

- **Enderezo: rúa Capitán Troncoso nº. 22**

Nivel de protección: Ambiental (IV). Ficha nº. 9224102. Área respecto BIC Conxunto Histórico

Actuación proxectada: Instalación do ascensor e rehabilitación da envolvente.

Obxecto da consulta: Propostas do pavimento do portal e pintura na fachada.

Ditame:

Deberá unificarse o pavimento no portal con calquera das propostas presentadas, terá que integrarse a arqueta existente no pavimento. No que respecta ás fiestras, volver a sinalar que o sistema de apertura, escuadría e dimensión serán os das fiestras orixinais. No referente a cor admítase calquera dos propostos.

- **Enderezo: rúa Riego de Agua, nº. 58 - 1º**

Nivel de protección: IV Ambiental Ficha nº.: 8824507.

Actuación proxectada: Recuperación uso vivenda.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta da fachada

Ditame:

A falsa galería actual ten que desaparecer. Deberá de recuperarse a fachada orixinal do edificio con 3 ocos independentes e ventás balcaneiras.

- **Enderezo: rúa Cantón Pequeno, nº. 23-24-25**

Nivel de protección: IV Ambiental.

Nº 23: Ficha nº.: 8420011. Recente rehabilitación para 3 vivendas e rehabilitación baixo e 1º con Unión funcional co nº 25.

Nº 24: Ficha nº.: 8420012- TB. Require inspección previa.

Nº 25: Ficha nº.: 8420013- TF, TB

Actuación proxectada: Reestruturación xeral e cambio do uso.

Obxecto da consulta: Alegacións ao Ditame do 17.11.2025. Solicitud novo informe e nova visita de inspección e alternativas 01 e 02.



Concello da Coruña

Ditame:

A comisión do PEPRI remítese ao ditame anterior no que respecta as saídas de evacuación e a necesaria conservación do patio, no que respecta ás propostas de circulacións verticais pronunciase favorablemente a calquera das dúas alternativas presentadas.

- **Enderezo: rúa San Andrés, nº. 48**

Nivel de protección: O inmovible non conta con protección específica.

Actuación proxectada: Adecuación funcional e mellora enerxética de edificio.

Obxecto da consulta: Respecto a aliñación do fronte da planta engadida e a configuración da cuberta.

Ditame:

A fachada da planta da ampliación ten que estar na aliñación da primeira planta e a planta Baixa. No que respecta á cuberta ditamínase favorablemente a proposta presentada a dúas augas.

- **Enderezo: Rúa Socorro, nº. 5**

Nivel de protección: O inmovible non conta con protección específica

Actuación proxectada: Rehabilitar o Edificio co instalación dun ascensor.

Obxecto da consulta: Alegación ao ditame, novas propostas da fachada e posibilidade de crear una nova vivenda no baixo cuberta.

Ditame:

A comisión do PEPRI admite a instalación de ascensor no patio coa condición que as vivendas cumpran a normativa de habitabilidade das vivendas en Galicia sen excepcións motivadas pola redución do patio.

Actuacións en fachada: Recuperación das canterías. Opción da fachada: a segunda das presentadas, sen recuar a fachada.

Control arqueolóxico: Deberá de presentar un proxecto de control arqueolóxico.

- **Enderezo: Rúa Panaderas, nº. 18**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº. 8926123. TA-TF. Portal protexido. Baldosa hidráulica.

Actuación proxectada: Instalación ascensor.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta.

Ditame:

Deberá de presentar un novo proxecto xustificando a opción escollida en base ao análise doutras opcións. A comisión do PEPRI admite a posibilidade de que o ascensor transcorra polas escaleiras do inmovible sempre que cumpra coa normativa de aplicación e aportar informe de bombeiros.

Si se removen terras terá que presentar plano de sección e memoria de sondaxes para súa aprobación.



Concello da Coruña

Actuacións no portal: Permítese rebaixar a cota do portal a cota cero para evitar a utilización dunha rampla, conservando o pavimento orixinal do portal na zona baixa e proxectando un pavimento similar que harmonice co mesmo na zona que se rebaixa.

- **Enderezo: Rúa Varela Silvari, nº. 4**

Nivel de protección: V Interese ambiental no conxunto. Ficha nº. 9026033.

Actuación proxectada: Reparación da cuberta plana.

Obxecto da consulta: Cumprimento da Ordenanza reguladora das actuacións da mellora enerxética dos edificios.

Ditame:

A Comisión do PEPRI ditamina favorablemente a proposta presentada.

- **Enderezo: Rúa Fonte Seoane, nº. 10 - Travesía Atocha Baixa, nº. 5**

Nivel de protección: Os inmobles non contan con ficha específica de protección.

Actuación proxectada: Construción de dous edificios para apartamentos turísticos

Obxecto da consulta:

- A implantación dun uso alternativo nun edificio da área de respecto Conxunto Histórico.
- A configuración da fachada a Fonte Seoane e as súas galerías. (Ten unha galería de madeira no segundo andar que ampliáanse tamén o resto dos andares con galería, todos eles sen manter a fachada traseira).
- A configuración da fachada a Travesía Atocha Baixa, antes de corte racionalista e proposta con voo acristalado sen fachada posterior (non e galería).

Ditame:

A Comisión do PEPRI admite o uso solicitado para o inmovible e as fachadas propostas, polo que se informa favorablemente.

- **Enderezo: Rúa Zalaeta, nº. 2 - Museo Belas Artes**

Nivel de protección: I Monumental. Ficha núm. 8826002

Actuación proxectada: reforma do sistema de clima.

Obxecto da consulta: condición ao imponer.

Ditame:

A comisión do PEPRI decide a retirada do orde do día deste expediente para un estudio posterior.

- **Enderezo: Rúa Real, nº. 6 - 1º**

Nivel de protección: O inmovible non contan con ficha específica de protección.



Concello da Coruña

Actuación proxectada: Cambio de uso de local a vivenda.

Obxecto da consulta:

Ditame:

Se autoriza o cambio de uso de local a vivenda. As fiestras da fachada da rúa Real deberán substituírse por unhas de madeira.

- **Enderezo: Travesía Padilla, nº. 2**

Nivel de protección: O inmovle non contan con ficha específica de protección.

Actuación proxectada: Nova construción de dúas vivendas unifamiliares

Ditame:

O proxecto presentado se ditamina desfavorablemente non cumpre o artigo 97 da normativa do PEPRI de formación de cuberta. A fachada da planta Baixa da C/ Zapatería non cumpre coa altura mínima.

Que a parte interesada neste procedemento aporte estudo histórico do edificio anterior ademais de un proxecto de sondeos arqueolóxicos dada a remoción de terras que se prevé.

- **Enderezo: Praza de España, nº. 32 - Baixo.**

Nivel de protección: IV Significación Ambiental. Ficha nº. 8927215.

Actuación proxectada: Acondicionamento do local.

Obxecto da consulta: sobre a viabilidade da proposta.

Ditame:

O proxecto presentado para o acondicionamento do local ditamínase favorablemente.

- **Enderezo: Rúa Riego de Agua, nº. 19 – 5º**

Nivel de protección: II Integral. Ficha nº. 8923206.

Actuación proxectada: Reforma de ático.

Obxecto da consulta: Viabilidade da actuación.

Ditame:

O proxecto técnico presentado se ditamina desfavorablemente. O edificio dispón de protección integral estando protexidas as cubertas (art. 97 da normativa PEPRI) e fachadas.

- **Enderezo: Cantón Pequeno, nº. 18**

Nivel de protección: II Integral. Ficha nº. 8420022.

Actuación proxectada: Instalación do grupo electrónico.

Obxecto da consulta: Condicións a impoñer



Concello da Coruña

Ditame:

Ditamínase favorablemente sempre que o acabado ou remate da tapa do rexistro se realice co material de mármore existente na fachada.

- **Enderezo: Rúa Santo Domingo, nº. 10 - baixo.**

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha nº. 9322009.

Actuación proxectada: Ampliación da vivenda

Obxecto da consulta: relativo ao cambio do uso e a cubrición no patio.

Ditame:

Autorízase o cambio de uso pero deberá de retirar a cubrición actualmente existente que está instalada no patio.

- **Enderezo: Rúa San Andrés, nº. 46**

Nivel de protección: O inmovible non conta con ficha específica de protección.

Actuación proxectada: Cambio uso de edificio residencial a uso hoteleiro

Obxecto da consulta: Viabilidade do cambio de uso

Ditame:

Autorízase o cambio de uso, pero deberá de presentar informe sectorial de Turismo da Xunta de Galicia.

- **Enderezo: Praza de Santo Domingo, nº. 1**

Nivel de protección: I Monumental. Ficha nº. 9523002.

Actuación proxectada: acondicionamento das aulas de infantil.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta

Ditame:

A proposta que se presenta non se considera axeitada co nivel de protección do inmovible.

- **Enderezo: Rúa Varela Silvari, nº. 25**

Nivel de protección: IV Significación arquitectónica Ambiental. Ficha nº. 8825035.

Actuación proxectada: Rehabilitación da envolvente e patoloxías no interior

Obxecto da consulta: Sobre os cores propostos (gris e branco)

Ditame:

Deberá de manter os cores actuais. O gris non está dentro das cores autorizadas polo PEPRI.



Concello da Coruña

- **Enderezo: Rúa Amargura, nº. 31**

Nivel de protección: V Interese Ambiental no conxunto. Ficha nº. 9224409.

Actuación proxectada: Incremento das vivendas no edificio

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta.

Ditame:

Favorable a alternativa presentada con 3 vivendas.

- **Enderezo: Rúa Santiago, nº. 7**

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha nº. 9223003.

Actuación proxectada: Obras de conservación e reparación do edificio

Obxecto da consulta: Cumprimento da Ordenanza reguladora das actuacións da mellora enerxética dos edificios.

Ditame:

A Comisión do PEPRI ditamina favorablemente a proposta presentada.

- **Enderezo: Rúa Travesía Huertas, nº. 7**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº. 9027213.

Actuación proxectada: Substitución das ventás existentes na planta 1º e 2º..

Obxecto da consulta: Viabilidade da actuación.

Ditame:

Desfavorable. Carpintería catalogada. Non poden ser substituídas.

- **Enderezo: Rúa Corralón, nº. 3**

Nivel de protección: V Interese Ambiental no conxunto. Ficha nº. 8725212.

Actuación proxectada: Substitución da porta de acceso a elevador montacoches por outra de chapa de aceiro inoxidable

Obxecto da consulta: Material da carpintería para a porta do garaxe. - Posición da porta do garaxe respecto a alienación do inmobile

Ditame:

A porta ten que estar en aliñación coa fachada. As carpinterías deberán de ser de cor negra en harmonía co portal do edificio.

- **Enderezo: Rúa Cordonería, nº. 18**

Nivel de protección: IV Significación arquitectónica Ambiental. Ficha nº. 8725011.



Concello da Coruña

Actuación proxectada: Pintado da fachada e rehabilitación de balcóns e galerías.

Obxecto da consulta: Color proposta da fachada

Ditame:

O pintado ten que ser coas cores que autoriza o PEPRI no artigo 107 e pintura ao silicato.

- **Enderezo: rúa Franxa, nº. 1 - 1º**

Nivel de protección: V. Protección Ambiental no conxunto UD Urbana Maria Pita. Nº 8924511

Actuación proxectada: reforma interior da vivenda.

Obxecto da consulta: Substitución da carpintaría de aluminio da fachada da Franxa por outra de madeira.

Non se recolle no proxecto o sistema de escurecemento das novas fiestras. Lembrase que non se toleran as persianas enrolables.

Ditame:

Ditamínase favorable a proposta presentada pero o sistema de escurecemento debe de estar polo interior. Deberá de eliminarse o sistema existente que está polo exterior.

- **Enderezo: rúa Argudín Bolivar, nº. 3 - 1º D**

Nivel de protección: III. Protección estrutural . Nº ficha: 8625009

Actuación proxectada: Reforma interior da vivenda.

Ditame:

As fiestras e balcóns deben de repararse salvo que se xustifique a súa imposibilidade.

- **Enderezo: rúa Perillana, nº. 3**

Nivel de protección: IV. Protección Ambiental

Actuación proxectada: Obras conservación e mantemento e renovación integral da cuberta.

Obxecto da consulta: recuperación da cuberta orixinal de zinc 81932) e substitución das vigas de madeira.

Ditame:

A comisión do PEPRI ditamina favorablemente. A execución da obra da recuperación da cuberta orixinal ten que ser, exactamente a proposta que se contempla na consulta.

- **Enderezo: Rúa Zalaeta, nº. 2 - Museo Belas Artes.**

Nivel de protección: I Monumental. Ficha nº. 8826002

Actuación proxectada: reforma do sistema de clima.



Concello da Coruña

Obxecto da consulta: condicións a impoñer.

Ditame:

A xestión do edificio e da Xunta de Galicia. Calquera intervención precisa a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Ditamínase desfavorablemente a proposta achegada. A proposta técnica a disposición desta comisión é insuficiente. Deberase coñecer o impacto da obra nos aspectos interior e exterior do edificio, e requirirse os servizos competentes do Ministerio que definan con máis detalle o proxecto.

Conclúe esta comisión que se deberá achegar nova documentación para a súa completa avaliación.

- **Enderezo: Rúa Parrote, nº. 12**

Nivel de protección: III. Protección estrutural

Actuación proxectada: Conservación e reparación fachadas, cubertas e acabados semi soto.

Obxecto da consulta: Condicións a impoñer.

Ditame

Favorable a proposta achegada. Deberá achegar a fin de obra da licenza concedida.

- **Enderezo: rúa Pastoriza, nº. 10 - 12**

Nivel de protección: No catalogados

Actuación proxectada: Instalación de ascensor e unión funcional.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta.

Ditame:

Os espazos comunitarios dos portais deberán de manterse. Para a instalación do ascensor no interior dos inmobles deberán achegar outra proposta cumprindo esta condición. Se ditamina desfavorablemente se ben a unión funcional dos inmobles é viable.

Recórdase á parte interesada a achega de proxecto arqueolóxico de sondaxes cando solicite licenza, debido á remoción de terras no espazo de instalación do ascensor. Zona arqueolóxica B.

- **Enderezo: rúa Riego de Agua, nº. 22**

Nivel de protección: Ambiental (IV). Ficha nº. 8924521.

Actuación proxectada: Instalación do ascensor.

Obxecto da consulta: viabilidade da proposta da modificación do desenrolo da escaleira.

Ditame:

Deberán achegar sondaxes valorativas tanto pola actuación no portal como pola remoción de terras. Deberá manterse a porta e o pavimento orixinal sen prexuízo da adaptación da porta á nova rasante e da baixada do pavimento a unha cota inferior para garantir a accesibilidade.



Concello da Coruña

A comisión ditamina favorablemente a execución da proposta nº 2. Deberase achegar plano co detalle suficiente da escaleira para a súa desmontaxe e tamén o alzado do portal.

- **Enderezo: rúa San Agustín, nº. 24**

Nivel de protección: IV Ambiental Ficha nº.: 8825417.

Actuación proxectada: Rehabilitar e ampliar o edificio.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta da fachada.

Ditame:

Deberase recuperar a fachada posterior orixinal. Ten que conservarse o machón que no proxecto achegado se elimina (na planta primeira). Ten que manterse a cantería vista en planta baixa (fachada principal). Deberá manterse a cornixa da fachada principal como soporte do voo da galería. A galería deberá axustarse á normativa do PEPRI. Tamén deberá manterse os muros medianeiros na súa completa integridade.

Cautelas arqueolóxicas: efectuarase unha inspección previa.

- **Enderezo: rúa Paseo Dársena, nº. 3 - baixo D**

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha nº.: 9222005

Actuación proxectada: reforma local.

Obxecto da consulta: condicións a impoñer na fachada e cartelería.

Ditame:

Ditamínase favorable. Deberá achegar planos e descrición da evacuación de augas residuais do inmovible á rede xeral de sumidoiro para informe do arqueólogo municipal antes da concesión da preceptiva licenza.

- **Enderezo: rúa Real, nº. 82.**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº. 8522423. PEG. Local comercial catalogado.

Actuación proxectada: Adecuación local e fachada.

Obxecto da consulta: Respecto a proposta presentada.

Ditame:

Ditamínase desfavorable a proposta achegada. O local está catalogado tanto na súa fachada como no interior (pavimentos e mobiliario). Estes elementos deberán de manterse. A cartelería orixinal deberá manterse na súa integridade podendo situar a nova marca comercial grafada nos vidros ou noutra posición conforme a normativa do PEPRI.



Concello da Coruña

- **Enderezo: rúa Riego de Agua nº. 25-27, 1º**

Nivel de protección: II Integral. Ficha nº. 8923204. TB. E. interiores protexidos: carpinterías /Cambotas.

Actuación proxectada: Reforma vivenda.

Obxecto da consulta: Respecto a proposta presentada.

Ditame:

Deberá efectuarse unha visita de inspección para dispor dun mellor criterio e ditaminar en consecuencia. O inmovible dispón de protección integral. Deberase achegar documentación técnica relativa o estado inicial do inmovible.

- **Enderezo: rúa Maestranza, nº. 6 - baixo.**

Nivel de protección: Contorno de protección. CH.

Actuación proxectada: Cambio de uso de local a vivenda.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta.

Ditame:

Ditamínase favorablemente a proposta achegada de cambio de uso de local a vivenda.

- **Enderezo: rúa Olmos nº. 25-27**

Nivel de protección: IV. Ambiental Ficha nº. 8522402/03

Actuación proxectada: Rehabilitar o edificio de vivendas.

Obxecto da consulta: Protección dos murais.

Ditame:

Deberase de achegar proxecto de sondaxes arqueolóxicas. Os representantes de Patrimonio da Xunta de Galicia manifestan que resolverán sobre a protección dos murais existentes no interior do inmovible. Infórmase favorable o proxecto achegado. Non se poderán iniciar as obras ata a achega do proxecto de execución.

- **Enderezo: rúa Juana de Vega, nº. 11**

Nivel de protección: II Integral. Ficha nº. 8319009. As carpinterías interiores están protexidas.

Actuación proxectada: Rehabilitación das plantas 1º e 3º do edificio.

Obxecto da consulta: Sobre a demolición das tabiquerías e elementos de interese arquitectónico.

Ditame:

A comisión do PEPRI entende que a obra autorizada no respectou as características do proxecto autorizado pola licenza concedida na planta primeira. Ante esta circunstancia, a comisión considera pospoñer o seu ditame ata que se examine o proxecto de execución achegado coa finalidade de comparar entre o autorizado e o finalmente executado.



Concello da Coruña

- **Enderezo: rúa Nova, nº 7**

Nivel de protección: Sen protección específica.

Actuación proxectada: Obras adecuación da fachada e elementos exteriores do local en planta baixa.

Obxecto da consulta: Respecto a proposta presentada e en especial sobre:

- A carpintería metálica con acabado lacado en cor RAL 5011
- A instalación dun lineal LED que servirá para retroiluminar o escaparate a modo dunha caixa de luz.
- O revestimento interior do escaparate por medio dun vinilo.
- Sobre a cor RAL 5011 do elemento proposto de cornixa.

Ditame:

Ditamínase favorable a proposta presentada.

- **Enderezo: Rúa Nova, nº. 16**

Nivel de protección: IV. Ambiental Ficha nº.: 8522227.

Actuación proxectada: Reforma do sistema de clima interior. Conservación, mantemento e reparación.

Obxecto da consulta: Se as obras exceden das de conservación e mantemento e é de aplicación o establecido no artigo 32 do PEPRI.

Ditame:

As obras considéranse de conservación e mantemento e ditamínase favorable a proposta presentada.

- **Enderezo: Rúa Socorro, nº. 23**

Nivel de protección: IV. Ambiental. Ficha nº.: 8524014

Actuación proxectada: Substitución de material de cubrición e conservación de fachada. Actuacións de conservación, mantemento e reparación. (artigo 56)

Obxecto da consulta: Cambio do material de cubrición de tella por zinc (pendente menor do 7%).

Ditame:

Ditaminase favorable a proposta presentada toda vez que a cuberta cunha pendente inferior ao 7% non permite o acabado en tella.

- **Enderezo: Praza María Pita, nº. 12**

Nivel de protección: I. Monumental Ficha nº. 9023209.

Actuación proxectada: Reparación e conservación de fachadas fronte do ascensor e centralización de cadros de electricidade.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta.



Concello da Coruña

Ditame:

Ditáminase favorable a proposta presentada. En relación a cor da fachada deberá de aportarse o RAL que a poder ser deberá de ser menos intenso que a tonalidade existente.

- **Enderezo: Praza de Santo Domingo, nº. 1**

Nivel de protección: I. Monumental. Ficha nº. 9523002.

Actuación proxectada: Acondicionamento das aulas de infantil.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta da remodelación das aulas de infantil no colexio Santo Domingo.

Ditame:

Favorable a proposta presentada. Deberá ampliarse o espazo de entrada fronte o almacén.

- **Enderezo: rúa Riego de Agua nº. 25-27, 1º**

Nivel de protección: II Integral. Ficha nº. 8923204. TB. E. interiores protexidos: carpinterías /Cambotas.

Actuación proxectada: Reforma vivenda.

Obxecto da consulta: Respecto a proposta presentada.

Ditame:

Efectuouse visita de inspección. A comisión ditamina favorable a proposta presentada que mantén a configuración espacial con corredor central e as portas orixinais. Os armarios na estancia vestiario coas columnas deberán de ser mobles separados das columnas. O proxecto de execución deberá de conter a solución dada ao forxado de chan en relación ao illamento acústico.

- **Enderezo: rúa Torreiro, nº 20**

Nivel de protección: IV. Ambiental. Ficha nº. 8724324.

Actuación proxectada: Rehabilitación parcial para local comercial e apartamentos turísticos (8).

Obxecto da consulta:

- Viabilidade do cambio de uso pretendido (comercial a hoteleiro).
- Aclaración sobre a protección da escaleira existente, a cal non é a orixinal e cuxas dimensións non cumpren coa normativa de aplicación.
- Afección sobre a ventá balcaneira e as galerías protexidas da tabiquería proposta.
- Necesidade de adaptar os acabados de cuberta ao requirido no artigo 118 do PEPRI.

Ditame:

Trasladar o expediente o arqueólogo municipal para o seu informe. Os machóns da planta baixa deberán de recebase non podendo quedar a fábrica de cachotería vista. As carpinterías da fachada deberán de ser de madeira. Acéptase a proposta do mantemento da cuberta.



Concello da Coruña

- **Enderezo: rúa Alcalde Manuel de las Casas, nº. 1 - Edificio de Correos**

Nivel de protección: II Integral. Ficha nº. 8722301. Exteriores protexidos: recercados /impostas/reloxo.

Interiores protexidos: carpinterías /Vidreiras/Mármores.

Actuación proxectada: Reforma para centro territorial de RNE e unidade informativa de TVE.

Obxecto da consulta: Respecto a colocación de antenas e instalacións que se pretenden colocar na cuberta.

Ditame:

A Comisión considera a necesidade de aplicar o artigo 46 da normativa do PEPRI no que respecta á unificación das antenas do mastro existente para evitar a proliferación destes elementos. Se non é posible a unificación se deberá de xustificar convenientemente. A proposta interior e a de instalación da maquinaria de climatización na cuberta ditamínase favorablemente.

- **Enderezo: rúa Sinagoga, nº. 22**

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha nº. 9424003. Catalogados singular valor, escaleira e portal.

Actuación proxectada: Instalación dunha cadeira salvaescaleiras (planta baixa-cuarta planta).

Obxecto da consulta: Viabilidade para instalación dunha cadeira salvaescaleiras.

Ditame:

Ditamínase desfavorablemente pola súa afección aos elementos catalogados. Existe unha alternativa á proposta presentada mediante instalación de ascensor que xa foi ditaminada favorable no expediente 621/2019/3237 e resolve de forma máis axeitada os problemas de accesibilidade do edificio.

- **Enderezo: Praza Azcárraga, nº. 12**

Nivel de protección: sen protección específica e no contorno da Praza de Azcárraga, (arboredo, pavimento).

Actuación proxectada: Infraestrutura para una nova small cell.

Obxecto da consulta: Alegación ao ditame.

A alegación pide unha mellor fundamentación da decisión, considerándoa pouco motivada e desproporcionada.

Ditame:

Favorable a proposta presentada tendo en conta o establecido na Lei Xeral de Telecomunicacións que favorece esta tipoloxía de instalacións e as operadoras autorizadas.

- **Enderezo: rúa Damas, nº. 3**

Nivel de protección: IV Ambiental Ficha nº.: 9223314. TF elementos de fachada.



Concello da Coruña

Actuación proxectada: Rehabilitación integral.

Obxecto da consulta:

- Proposta traslado posición comunicación vertical (carácter determinante segundo ficha protección) (Achégase anexo estudo de posición da escaleira e ascensor).
- A configuración da cuberta e encontro coa galería, que non semella ser acorde ao PEPRI.
- A substitución das vigas de madeira por aceiro laminado.

Ditame:

A comisión ditamina o proxecto favorablemente. Dadas as condicións de ruína do inmovible e o reducido do solar admítase a proposta de cambio de posición da escaleira. Permítese a substitución das vigas mantendo o sistema estrutural. Na cuberta, terase que resolver o encontro coa galería segundo a normativa do PEPRI.

Deberase aportar planos de detalle da cimentación como elemento necesario para o informe do arqueólogo municipal.

Tamén deberá determinarse o uso do baixo cuberta, o cal debe cumprir coa normativa do PEPRI.

- **Enderezo: rúa San Roque, S/N**

Nivel de protección: sen protección específica.

Actuación proxectada: Rehabilitación dos locais da “Bágoa de San Roque”.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta presentada.

Ditame:

Ditamínase desfavorable á proposta presentada. A imaxe exterior do conxunto non debe alterarse e deberá de devolverse ao seu estado orixinal do proxecto de Santiago Rey Pedreira. Deberá de eliminarse o volume da cuberta. Remitirase a Dirección Xeral de Patrimonio para obter o seu informe perceptivo.

- **Enderezo: rúa Herrerías, nº. 1**

Nivel de protección: II Integral. Nº ficha: 9324101.

Ditame:

Ditamínase favorable a proposta presentada. Darase traslado ao arqueólogo municipal para que emita o seu informe en relación co movemento de terras ao tratarse de zona arqueolóxica “A” do PEPRI.

- **Enderezo: rúa San Agustín, nº. 24**

Nivel de protección: IV Ambiental Ficha nº.: 8825417.

Actuación proxectada: Rehabilitar e ampliar o edificio.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta da fachada.



Concello da Coruña

Ditame:

Ditamínase favorable a proposta presentada. Teranse que facer sondaxes valorativos arqueolóxicos.

- **Enderezo: rúa Juana de Vega, Nº. 11**

Nivel de protección: II Integral. Ficha nº 8319009. As carpinterías interiores están protexidas.

Actuación proxectada: Rehabilitación da planta 1ª do edificio.

Obxecto da consulta: Sobre a conservación das molduras e alternativas reposición da arco.

Ditame:

Ditamínase favorable a proposta presentada na alternativa A. Ao rematar as obras deberase presentar un reportaxe fotográfico completo do estado final daquelas.

- **Enderezo: rúa Tabernas, nº 5 - rúa Parrote, nº. 2**

Nivel de protección: III estrutural. Nº ficha: 9222103.

Actuación proxectada: Emenda de patoloxías na edificación.

Obxecto da consulta: Condicións da substitución da varanda de fundición, e suficiencia da documentación que se achega.

Ditame:

Ditamínase favorable a proposta presentada. As grampas metálicas serán de aceiro inoxidable.

- **Enderezo: Xardíns de Méndez Núñez, nº 1**

Nivel de protección: Sen protección específica.

Actuación proxectada: Instalación dun rótulo substituindo ao existente na cuberta do inmovible.

Obxecto da consulta: afección da actuación pretendida en aplicación do artigo 124.2 do PEPRI.

Ditame:

Ditamínase desfavorablemente. Si se elimina o elemento existente non poderá ser substituído por outro, segundo outros antecedentes análogos desta comisión.

- **Bolardos na praza de Santa Catalina.**

Ditamínase desfavorablemente. A comisión solicita que se retiren os elementos existentes. Deberanse presentar outras alternativas.